



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26 DE AGOSTO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00039965E

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037161M.

Prórroga do contrato de servizos de Atención á infancia para facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca de Fontiñas sita no espazo educativo e de lecer “María Miramontes”.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de servizos de atención á infancia para facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca de Fontiñas sita no espazo educativo e de lecer “María Miramontes” subscrito coa empresa ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO polo prazo de UN ANO a contar desde o 1 de setembro de 2022, ata o 31 de agosto de 2023.

Segundo.- Comprometer o gasto correspondente, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 08032600 3279901, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2022 (01/09/2022 ata 31/12/2022): **44.013,92 €**, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 31/08/2023): **88.027,86 €**, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00039752Q.

Aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 por importe de 467.587,67 €, financiado con baixas por anulación.

Apróbase o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-06 por importe de CATROCENTOS SESENTA E SETE MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (467.587,67 EUROS) para completar a achega municipal correspondente á execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”.